



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 26

TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTROS QUE AFECTEN Á XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO.

ARTIGO 1. *Fundamento e obxecto.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Arteixo establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servicios de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a que se refire o artigo 20.3, en relación co 24.1, parágrafo terceiro, do citado R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 da citada Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2. *Feito imponible.*

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servicios de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os subministros coma se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.
2. Esta taxa é compatible con calquera outra que poida establecerse pola prestación de servicios ou a realización de actividades de competencia local das que deban ser suxeitos pasivos as empresas enumeradas no punto anterior, quedando excluída, polo pago da taxa regulada no punto un deste artigo, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, sempre que dita utilización privativa ou aproveitamento especial estea dirixido á instalación, mantemento e reparación das súas redes.

ARTIGO 3. *Beneficios fiscais*

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados e acordos internacionais.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 4. *Suxeitos pasivos*

1.- Serán suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e que realicen a actividade empresarial de explotación, distribución e comercialización de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario.

2.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5. *Base imponible*

1. Cando o suxeito pasivo sexa propietario da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a que se produce o disfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteña anualmente no termo municipal.

2. Cando para o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo deba utilizar a rede que pertence a un terceiro, a base imponible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar o propietario da rede, polo uso da mesma.

3. Para os efectos dos apartados anteriores, entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen sido obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal. Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

ARTIGO 6. *Tipo impositivo*

O tipo impositivo que se aplicará á base imponible para calcular a cota será, en todo caso e sen excepción ningunha no **1,5 por cento da base imponible** definida no artigo anterior..

ARTIGO 7. *Devengo*

A taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial das vías públicas municipais por parte de un suxeito pasivo que realice a actividade de prestación de servizos de subministros que afecten á totalidade ou a unha parte importante do vecindario do Concello de Arteixo.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

Para que poida esixirse esta Taxa é preciso que o suxeito realice efectivamente a actividade para a que será imprescindible que obteña ingresos derivados da mesma no termo municipal.

ARTIGO 8. *Período impositivo e ingreso.*

1.O período impositivo será trimestral, devengándose a taxa o primeiro día do trimestre natural.

2. Os suxeitos pasivos deberán presentar declaración-liquidación dos ingresos brutos de facturación obtidos no termo municipal do Concello de Arteixo. Dita declaración-liquidación poderá ser presentada ata o derradeiro día hábil posterior ó mes seguinte da data de remate do trimestre natural.

3.Para facilitar a comprobación das declaracións presentadas, as empresas que teñan a condición de suxeito pasivo, deberán levar unha contabilidade específica dos ingresos obtidos no termo municipal.

4. O Concello de Arteixo, para facilitar a xestión e recadación desta taxa, poderá celebrar convenios fiscais coas empresas que realicen a actividade descrita nesta Ordenanza.

ARTIGO 9. *Infraccións e sancións tributarias.*

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A contía desta taxa que puidese corresponder a TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A. está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, do 30 de xullo.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza que consta de 9 artigos, unha disposición adicional e unha final foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día catro de setembro de 2003.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 29 de xullo de 2004, entrando en vigor, logo da publicación do texto íntegro da modificación no BOP, o 1 de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.